



BASES

PROBAS DE SELECCIÓN DE MÚSICOS BANDA DE MÚSICA DE PONTEVEDRA 2009

1. Obxecto.

A Banda de Música de Pontevedra convoca probas de selección de músicos para cubrir as seguintes vacantes:

- **1 frauta**/fautín
- **3 clarinete si b**/requinto
- **3 clarinete sib** / clarinete baixo
- **1 Clarinete Baixo** / clarinete sib
- **1 saxo barítono** / tenor
- **1 trompeta** / fliscorno
- **2 trompa**
- **1 trombón baixo**
- **1 tuba**
- **2 percusión**

2. Requerimentos.

- Estar cursando ou ter rematado o primeiro curso do segundo ciclo de grao medio/profesional (3ºGM/Profesional).

3. Proba práctica dos músicos.

As probas de selección consistirán nos diversos apartados:

- A) Interpretación dunha obra de libre elección pertencente ó repertorio solístico do instrumento principal (entregar dúas copias da obra co boletín de inscrición); a interpretación da obra libre faráse sen acompañamento. (Sen piano).



Aclaracións para o apartado A:

- No caso das probas de clarinete sib, se algún dos/as aspirantes non dispón do segundo instrumento (requinto ou clarinete baixo), este poderá de tódolos xeitos facer a proba, sendo competencia do tribunal o que valore dito feito.
- No caso da praza de Barítono/Tenor, este poderá tocar a obra libre con calquera dos dous instrumentos e sendo obrigatoria a interpretación dos solos das dúas especialidades.
- Na probas de Tuba, no apartado da obra libre, o aspirante poderá interpretar a obra tanto con tuba en DO como con tuba en Fa (a elección do aspirante; pola contra no apartado da interpretación dos fragmentos orquestrais o candidato deberá facer dita proba con tuba en DO, na súa totalidade).

B) Interpretación dos fragmentos orquestrais enuerados no apartado 4 desta convocatoria, correspondentes á praza á que se opta. No caso de prazas con dobre instrumento será necesaria a interpretación dos fragmentos de ambos instrumentos.

C) En caso de empate entre dous ou máis aspirantes da mesma especialidade, o tribunal poderá mandar repetir calquera dos solos expostos no apartado 4 propios da súa especialidade.

4. Listaxe de fragmentos orquestrais

Flauta:

- A. Reed: Fourth Symphony (Mov. III "Tarantella")
- P. Sparke: Dance Movements (Mov. IV "Molto Ritmico")

Piccolo:

- J. Barnes: Second Symphony, Op. 44 (Mov. II, Piccolo 1)
- P. Sparke: Dance Movements (Mov. I "Ritmico")



Clarinete si b:

- J. Barnes: Second Symphony, Op. 44 (Mov. I)
- P. Sparke: Dance Movements (Mov. I "Ritmico").

Requinto:

- O. Respighi: Belkis, regina di Saba (Mov. II "Danza Guerresca"))
- J. Barnes: Torch Dance (do nº 3 até o 16)

Clarinete Baixo:

- O. Respighi: Belkis, regina di Saba (Mov. I "Il Sogno di Salomone").
- J. Barnes: Fantasy Variations (variacións IX a XI)

Saxofón Barítono:

- J. Barnes: Symphony nº 2, Op. 44 (Mov. II "Variazioni Interrotte")
- J. Barnes: Symphony nº 3, Op. 89 (Mov. III "For Nathalie")

Saxofón Tenor:

- J. Barnes: Symphony nº 2, op. 44 (Mov. II "Variazioni Interrotte")
- A. Reed: Fourth Symphony (Mov. III "Tarantella")

Trompeta:

- O. Respighi: Belkis, regina di Saba (Mov. IV).
- I. Stravinsky: El pájaro de fuego (versión 1919) (Danza infernal)

Fliscorno:

- J. Barnes: Symphony nº 3, Op. 89 (Mov. I)
- J. De Meij: Symphony nº 1 "The Lord of the Rings" (Mov. V "Hobbits")

Trompa:

- J. Barnes: Symphony nº 3, Op. 89 (Mov. III "For Nathalie")
- S. Melillo: Wait of the World (Mov. III "Remembering the Future")
- D. Bourgeois: Concerto for Percussion , opus 143b (Mov. I)



Trombón baixo:

- B. Appermont: Symphony nº 1 “Gilgamesh” (Mov. II “Battle of Titans”)
- J. Barnes: Symphony nº 3 , (I Mov.)
- J. Barnes: Second Symphony, Op. 44 (Mov. III “Finale”)

Tuba:

- B. Appertmont: Symphony nº 1 “Gilgamesh” (Mov. II “Battle of Titans”)
- J. Barnes: Symphony nº 3, Op. 89 (Mov. I)
- J. Barnes: Symphony nº 5, (I Mov.)

Percusión:

a) Timbais

- B. Appertmont: Symphony nº 1 “Gilgamesh” (Mov. III)
- E. Whitacre: Ghost Train

b) Caixa

- E. Whitacre: Ghost Train

c) Castañuelas

- G. Jiménez: A boda de Luis Alonso (intermedio)

d) Triangulo e pandereta

- Chabrier: España

e) Láminas

- A. Reed: Symphony nº 4 (Mov. III).
- J. Barnes: Fantasy Variations (variación X).

Os fragmentos e as bases das probas serán remitidos aos interesados mediante correo electrónico ou ben poderán recollerese nos seguintes lugares:

Conserxería do conservatorio Profesional Manuel Quiroga de Pontevedra.

(R/ Juan Cuarclos I, N° 4. 36004. Pontevedra)

Copistería Colotec, sita en: R\ Michelena N° 20. Pontevedra

Copiplan, R\ Zamora N° 62-Baixo. 36203 Vigo



5. Tribunal calificador

Estará integrado polo Director Titular, o Principal Director Convidado da Banda de Música de Pontevedra e un asesor especialista das diferentes especialidades instrumentais.

Así mesmo tamén estará presente o/a secretario/a da Sociedade Musical de Pontevedra, para levantar acta das decisión do tribunal. Este/a non terá nin voz nin voto.

As decisións tomadas polo tribunal serán inapelables.

6. Prazos de presentación das instancias

A data límite de presentación de instancias será o día 9 de Marzo de 2009. Rematado este prazo a xunta directiva aprobará a lista de admitidos, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede da Banda de Música de Pontevedra e na páxina web da BMP. Concederase un prazo de **cinco días hábiles** para reclamacións, se as houber, e para enmedar os erros ou defectos de forma ou documentación.

Rematado o prazo de reclamacións exporase a lista definitiva de aspirantes admitidos e a composición do tribunal calificador. Indicarásese tamén o día, hora e lugar en que se realizará a proba de selección. A lista de admitidos publicarase na páxina web da Banda de Música de Pontevedra (www.bandamusicapontevedra.org).



7. Lugar de presentación de boletíns de inscrición

As instancias pertinentes entregaranse por correo electrónico electrónico a (bmp@bandamusicapontevedra.org) ou por correo ordinario ao seguinte enderezo:

Banda de Música de Pontevedra

Probos de músicos 2009

R\ Alfonso XIII, Nº 7

36002 – Pontevedra

8.Data e lugar da celebración das probas

As probas de selección de músicos desenvolveranse os días 21 e 22 de Marzo de 2009, no auditorio do conservatorio profesional “Manuel Quiroga” de Pontevedra (R/ Juan Cuarclos I, Nº 4. 36004. Pontevedra). Confirmarase hora por vía telefónica.

Estas datas poderán ser modificadas por motivos de organización das probas.

9.Admisión na plantilla da Banda de Música de Pontevedra

Unha vez celebradas as probas, se os aspirantes non superasen as mesmas, o tribunal cualificador reservarase o dereito de deixala deserta.

Todos aqueles músicos que superen as probas de selección pasarán a formar parte da Banda de música de Pontevedra, dentro da cal se rexerán mediante as normas de réxime interno desta agrupación.

Todas aquelas persoas que superen as probas pero non acaden a praza para a que optan, pasarán a figurar nunha lista para cubrir prazas vacantes, pero nunca de carácter permanente.



BANDA DE MÚSICA DE PONTEVEDRA
R\ Alfonso XIII, N° 7. 36002. Pontevedra
www.bandamusicapontevedra.org

En cada unha das especialidades so acadarán a praza aquelas persoas que superadas as probas non sobrepasen o mesmo número que de praza se ofertan, pasando os demais a formar parte dunha lista para facer colaboracións puntuais en caso de necesidade da agrupación.

10.Aprobación das Bases

A admisión por parte dun aspirante a participar no proceso de selección que se regula nestas bases, supón por parte de dita persoa a aceptación de todos e cada un dos puntos que conforman ditas bases.

Banda de música de Pontevedra

Sociedade musical de Pontevedra



INSCRIPCIÓN PROBAS DE MÚSICO/2009

BANDA DE MÚSICA DE PONTEVEDRA

Datos do solicitante

| Primeiro apelido | Segundo apelido | Nome |
|------------------|-----------------|------|
| | | |

| Data de nacemento | DNI/DNI | Nacionalidade |
|-------------------|---------|---------------|
| | | |

Enderezo a efectos de notificación/Dirección a efectos de notificación

| Enderezo | C.P. | Localidade |
|----------|------|------------|
| | | |

| Provincia | Teléfono/s de contacto/ | Correo electrónico |
|-----------|-------------------------|--------------------|
| | | |

| Especialidade á que se presenta | Obra Libre |
|---------------------------------|------------|
| | |

Con esta inscrición de verá adxunta:

- Curriculum vitae
- Certificado de estudos

_____, ____ de _____ de 2009.

Firma do solicitante/*Firma del solicitante*

O abaixo asinante afirma coñecer e acatar todos e cada un dos apartados que figuran nestas bases.